



GRUPO MUNICIPAL DE VILABOA

Ornela Fernández Salgado, voceira do Grupo Municipal do BNG de Vilaboa, presenta a seguinte moción para o seu debate e aprobación, se procede, no Pleno do 29/04/09:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A recuperación ambiental das Salinas obtivo un alto grado de respaldo social que é facilmente comprobable pola enorme cantidade de público que visita o lugar. Son dúcias as persoas que cada día o visita e centos as que se achegan ao lugar durante a fin de semana. A xente que visita As Salinas está, ademais, manifestando un alto grao de civismo e de respecto pola súa diversidade natural. O uso principal que se lle está dando ao lugar é o do paseo e observación das distintas especies do lugar.

Neste momento, desde o BNG cremos que é necesario ir un paso máis alá e crear un centro de atención aos visitantes (CAV). Entendemos isto como unha edificación que sirva como centro de interpretación do lugar e espazo de encontro dos centos de visitantes que alí acuden. Nel, os visitantes poderían aprender o significado do lugar, a súa historia, as especies vexetais e animais que o habitan e dar a coñecer tamén outros lugares senlleiros que o concello de Vilaboa ten.

Con isto continuaría a posta en valor do espazo natural máis importante do noso concello. Coa súa situación actual non podemos considerar que a restauración e posta en valor estea rematada e queremos que a súa mellora continue.

Para levalo a cabo, o BNG propón a apertura dun concurso de ideas para a elaboración do proxecto de edificación de CAV coa participación de todas as forzas políticas do concello e, definido o proxecto, se negocie a adquisición de terreos cos seus propietarios. Unha vez definido o modelo entre todos e escollido un proxecto, o concello procedería á contratación da obra.

Por todo isto, **SOLICITA:**

Primeiro. O Concello de Vilaboa construíra un Centro de Atención aos Visitantes nas Salinas.

Segundo. O Concello abrirá un concurso de ideas para a elaboración do CAV, previa aprobación das bases polo pleno.

Vilaboa, 14 de abril de 2009

Ornela Fernández Salgado

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE VILABOA